

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O *HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BOS AIRES, ARXENTINA*, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN BOS AIRES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, Arxentina, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á prestación de asistencia ás persoas galegas que residen no Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, que por razón de carencia ou de dependencia se atopan en situación de necesidade e non poidan afrontar o custo da súa estancia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

En Bos Aires, Arxentina, reside un número moi importante de persoas emigrantes galegas maiores que, por razóns de carácter social, carencia de medios de subsistencia ou de falta de familiares que lles dean acollida, está a sufrir unha situación de desamparo debido á falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

O Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires é unha entidade benéfica sen ánimo de lucro fundada en 1943 e está inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galegitude. Ten como finalidade proporcionar albergue digno a persoas que non poden facerlle fronte á vida, pola súa idade ou condicións fisiolóxicas.

Conta cunha residencia de maiores, sita en Domselar, na que ofrecen unha asistencia integral que inclúe a estancia, alimentación, control da saúde e asistencia social e na que, a día de hoxe, estase a desenvolver un destacado e insubstituíble labor socio asistencial coas persoas maiores pertencentes á colectividade galega emigrante.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co Hogar Gallego para Ancianos co obxecto de contribuír á prestación de asistencia á colectividade galega residente en Arxentina que, por razóns de carencia ou de dependencia, se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo destas prestacións;



Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará *trinta mil euros (30.000 €)*, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, é a única que reúne estas características na provincia de Bos Aires, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrència pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida das persoas emigrantes galegas residentes en Arxentina, que por cuestións de idade e/ou socio familiares presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal, por razóns de carácter social e humanitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración
Antonio Rodríguez Miranda

